

BOLETIN BREXIT

EDICIÓN 60 - Setembro 2021

O sector Téxtil e o Brexit

Dende o día 1 de xaneiro de 2021, o Reino Unido está fóra da Unión Europea (UE), polo que é un país terceiro a todos os efectos. Os intercambios comerciais co Reino Unido (excepto Irlanda do Norte) trátanse como exportacións e importacións.

Non obstante, isto non significa que a saída do Reino Unido da UE represente o fin da cooperación bilateral, xa que o Reino Unido segue a ser un país atractivo para as empresas españolas que están a cuestionarse a internacionalización.

A modo de guía, neste boletín describiremos de forma xeral algúns dos retos que se presentan para as empresas no sector téxtil despois do Brexit, así como algúns dos novos requisitos para este sector.

Antecedentes

Historicamente, o sector Téxtil-Confección en España foi un dos motores da economía. Galicia en concreto, lidera esta industria en España.

O téxtil e a moda combinanse estratexicamente con avanzadas tecnoloxías de produción e eficientes redes de distribución a nivel mundial, xa que o sector necesita respostas inmediatas ás tendencias e demandas do mercado.


A moda representa o 6,3% das exportacións españolas. De feito, en termos de exportacións, ocupa o quinto lugar en Europa e o sexto en termos de importacións.

Balanza comercial del sector textil (miles de €)

Año	Exportaciones	Importaciones	Saldo	Cobertura (%)
2020	17.431.808,57	24.005.398,24	-6.573.589,67	72,62
2021*	9.496.359,10	11.030.948,01	-1.534.588,92	86,09



España e o comercio téxtil e o da moda co Reino Unido



En canto ás relacións comerciais no sector téxtil, Gran Bretaña é a sexta na lista dos países exportadores de España no 2020.

No ano 2019, as exportacións españolas de bens ao Reino Unido aumentaron un 7% interanual, alcanzando os 19.889 millóns de euros. As importacións no período (11.710 millóns de euros) aumentaron un 1,7%. A balanza comercial rexistrou un superávit de 8.179 millóns de euros no 2019, un 15,7% máis ca no 2018. A taxa de cobertura situouse no 169,8%, 8,5 puntos porcentuais máis ca no 2018 (161,3%).

Con todo, no 2020, a pandemia do Covid-19 tivo un impacto significativo no comercio internacional. O seu impacto negativo tamén se deixou sentir no noso comercio con outros países. Así, as nosas exportacións de bens ao Reino Unido ascenderon a 17.014 millóns de euros, un 13,5% menos ca no 2019, debido ao descenso da demanda. Asemade, as importacións procedentes do Reino Unido caeron significativamente un 20,7% (9.365 millóns de euros).

Despois do Brexit, algunhas das principais preocupacións deste sector en termos xerais son:

- A demora dos tempos de envío. Requírese unha documentación especial para a liberación dos paquetes na aduana. Isto incide directamente na percepción global do cliente, que sofre retrasos nas súas compras e sopesa moito máis estes posibles inconvenientes á hora de volver a realizar unha compra. O impacto recae directamente no servizo que ofrece a marca de maneira global.
- A penetración no mercado británico.
- A competitividade de prezos. A posible desvalorización da libra pode incidir directamente na política de prezos para os que se adican ao sector téxtil. Iso podería supoñer que as empresas téxtiles terían que axustar os prezos, polo menos inicialmente, para poder manter o volume nas súas exportacións.
- O acordo sobre o Brexit está afectando aos custos de envío, aduanas e aranceis, devolucións e experiencia do cliente na entrega dos distintos pedidos.

É importante que as empresas adopten un enfoque pro activo para comprender as implicacións, en particular porque as posibles repercusións, os retrasos e o aumento dos custos poden producirse en toda a cadea de subministro.

As empresas españolas da industria téxtil e da moda deben seguir e cumprir as novas normas. Entre outras cousas, deben asegurarse do seguinte:

- Ter un número EORI do Reino Unido.
- Ter acceso a unha conta de aprazamento de dereitos.
- Revisar as mercadorías para avaliar si compren as normas de orixe para o arancel cero.
- Ter acceso a unha empresa ou axente que poida presentar declaracións no seu nome (polo xeral, un axente de aduanas) para garantir que se realizan as declaracións aduaneiras adecuadas.
- Revisar os seus contratos e Incoterms para garantir a claridade dos termos e condicións, e as responsabilidades entre a súa empresa e os seus compradores.
- **Comprender que as definicións de moda das “mostras”, é dicir, o produto en estado puro, estarán suxeitas a todos os dereitos.**
- O persoal actual da UE que traballa no Reino Unido inscribiuse no Plan de Arranxo e solicita una Licenza de Patrocinio do Empregador se emprega a novos nacionais da UE e de fóra da UE a partir do día 1 de xaneiro.
- Revisar as carteiras de propiedade intelectual e presentalas se fose necesario no Reino Unido.

O acordo comercial entre o Reino Unido e a UE establece que non hai aranceis nin cotas para a maioría das mercadorías que poden comercializarse entre o Reino Unido e a UE. Non obstante, introducíranse novos controis e procedementos nas fronteiras, incluídos os controis de seguridade e as declaracións de aduana, que requirirán custos adicionais e trastornos para facer negocios en Europa. O máis importante é a certificación de orixe das exportacións e importacións (normas de orixe), que se esixirá para poder acceder á UE sen aranceis.

Normas de orixe

As empresas británicas terán que certificar a orixe das súas exportacións para poder acceder sen aranceis á UE. Existen límites á proporción de produtos que poidan ensamblarse a partir de pezas fabricadas no estranxeiro para poder acceder sen aranceis. Isto aplícase tanto ás importacións como ás exportacións. As empresas non deben dar por sentado que se aplicará un arancel cero. Están obrigadas por lei a realizar comprobacións e, se os seus produtos non compren as normas de orixe, terán que pagar todos os dereitos. As empresas deben esperar que se realicen controis para demostrar a orixe, e aplicaranse sancións se se equivocan.

Aranceis de importación

- A partir do día 1 de xaneiro de 2021, o Reino Unido aplicará o Arancel Global do Reino Unido (UKGT) ás mercadorías importadas, substituíndo así o Arancel Exterior Común (CET) da UE.
- Debese ter en conta que o Reino Unido terá o seu propio marco xurídico aduaneiro, a diferenza da normativa da UE á que deben adherirse os estados membros.



- Tamén deben considerar que as aduanas teñen o dereito legal de confiscar, destruír e incluso vender as mercadorías que non se importaron correctamente.